

XA NON PODO ESTAR CON MALENA

Iso si que é verdadeiro amor.

Amor entre irmás, ela vén verme todos os días e tráeme flores.

Cóntame o seus problemas, pero eu non respondo.

Miña irmá chámase Malena, é loura, alta e moi guapa, ela é marabillosa, mais eu non llo podo dicir.

O seu noivo é Elías, el tamén vén, pero o único que fai é dicirlle a Malena que non chore, que eu estou mellor que nunca.

Pero eu quero falar con ela e non podo, todo por culpa de beber e conducir despois. Eu falecín nun accidente automobilístico e agora xa non podo estar con Malena.

Iso é o que máis me doe.

Lúa Martínez Rodríguez 2ºD